

UN AGASALLO PARA XAQUÍN

Autor

Marcelino de Santiago Viqueira (Kukas)

2007

XOAQUIN,
AVOA,
NAI,
PAI
DOCTOR,
AREA,
NENO

CAIXA,
SERPE DE REGALIZ,
PEIXES: RAIÁ, ROBALIZA, XARDA
XIBA
POLBO,
NÉCORA
CENTOLO

**ENTRAN DOUS TITIRITEIROS, AMAÑAN A ESCENA,
Ó SE ADECATAR DA PRESENCIA DOS NENOS FALAN CON ELES SOBRE O
CONSUMO RESPONSABEL E MAIS SOBRE RECICLAXE, E A ALIMENTACION
E DAN PASO A OBRA:**

MÚSICA

E1 (ISABEL): 3,4.....100 (entrada de 10")

10" Xaquín (fili) entra por detrás da fonte, mira para un lado e para outro. Vai para diante, ve o posto de algodón e achegase. Sae auga da fonte (kukas). Mira e vai a beber. Non sae a auga. Se separa da fonte, volve a saír auga, achegase e deixa de saír. Se separa e sae auga, vai por detrás da fonte e vai beber polo outro lado, deixa de saír auga. Da uns golpes e sae auga, bebe, secase coa man.

**Xaquín era un neno moi galopín,
como argalleiro
era sempre o primeiro.**

*Vai cara adiante, achegase ás rosquillas e logo ó algodón de azucre.
A avoa (kukas) asoma na balconada.*

**O moi rillote era fraco como un pali troque,
- mira que é tragan,
por mais que come
non engorda nada,
dicía a súa avoa toda estrañada.**

**Nas festas e romarías
era o mais larpeiro,
o mais degoxón,
o mais tragón,
o mais comellón.**

Xaquín (fili + ISABEL) salta do posto de algodón o de rosquillas e deste salta para atrás ata o de algodón cando chega colle un algodón de azucre (kukas) Senta na beira da escena a comer o algodón, espirra e comeza a sentirse mal.

**Pero nel todo era fachada,
era o primeiro en coller un catarro,
era o primeiro en pillar unha indisposición,**

**era ao primeiro en lle saír un sabañón,
sempre andaba doente...
Pobre Xaquín,
era un pícaro moi enclenque**

Entran o Pai e a Nai (ISABEL), o Pai (kukas) achegase a Xaquín (fili) que se levanta dun chouto e desfase do algodón, logo o pai vai xunto a nai, niso Xaquín mira e ve que están despistados e achegase ó posto de rosquillas. A Nai (ISABEL) dáse de conta e avisa ó pai que se achega e faille ademán a Xaquín para que pase por diante del, (cruce de marionetas) vanse os tres en ringleira: Xaquín, nai e pai por detrás da casa.

Kukas e Fili quitan os postos.

E2 (ISABEL): 1.....100 (Cambio 10")

O pai (ISABEL)ponse xunto a neveira e kukas ponlle o mandil.

O seu pai facíalle sopa, guisos e empanada...

O pai (ISABEL) achegase ós estantes, mira de arriba a abaixo, axeonllase e segue a buscar, mira para arriba, erguese colle algo, abre a neveira, logo a pecha e vai cara a cociña, levanta a tapa da pota e cheira á comida, fai un xesto e chama a Xaquín (fili) que entra e senta na mesa.

**pero, el as escondidas
rexeitaba a comida,**

Xaquín dálle a volta á cunca.

Entra Kukas por diante da escena cunha bandexa cunha chuleta, un peixe e froita, vai amosándolle 1º o filete, Xaquín rexéitao xirándose na cadeira, 2º o peixe, Xaquín erguese e tapa o nariz e 3º a froita, Xaquín agochase detrás da neveira. Mentres o pai está en primeiro plano.

**"Bistequeles" non comía,
ao peixe ascos lle facía,**

e das verduras e froitas nin oír falar quería,

O pai marcha da cociña, Xaquín obsérvao por detrás da neveira e cando marcha vai para adiante

**Como tódolos días,
non facía mais que comer porcalladas**

Kukas amósalle as larpeiradas que lle vai botando por enriba

**Só se alimentaba de gominolas,
caramelos,
gusanitos,
chocolate,
xelatina,
e torta de mandarina.**

Xaquín rodea a mesa e colléndose a tripa achegase a esquina dianteira da cociña.

**Así pasaba os días,
entre dores de tripa,
e incomodas cagarrías.**

Xaquín mentres sube para ó dormitorio e metese na cama.

E3 (KUKAS): 3,4.....100 e 2.....20 (cambio 10")

A súa nai chamou ó Doutor

A Nai (ISABEL) atravesa a escena e vai a buscar ó Médico (kukas), falan na esquina da rúa, e comezan a camiñar un para cada lado, a nai volvese e sinala o camiño para á casa.

E4 (FILI): 2.....100 (cambio 10")

Aparecen no dormitorio a Nai e o Médico. O doutor achegase á Xaquín Nai queda na balconada. O doutor achegase á Xaquín e apoia á súa cabeza en Xaquín.

Este examinouno, auscultouno:

- di 33... tuse do dereito, tuse do revés...

Xaquín xirase. O médico fala coa nai.

A cousa se complica:

Croa, croa lle canta unha tripa...

Xaquín volve a xirarse e o médico escoita o corazón, os dous se moven compasadamente subindo e baixando.

Bum bum, bum bum late late o corazón.

O médico pasea dun lado a outro e pensa.

despois de cavilar un anaco,

o doutor ditaminou:

- Este susto xa pasou...

**-Ten que comer con xeito e moderación,
unha dieta san sandara a este pillaban...**

A Nai e o médico marchan, mentres Xaquín sígueos coa mirada, e cando marchan colle a piruleta e comeza chupala.

As doenzas de Xaquín non pasaban

pois as recomendacións do médico

por un ouvido lle entraban

e, por outro ouvido lle saían.

Erguese na cama, pero un aire (ISABEL sopra) tómbao no leito.

Estaba tan mal alimentado
que o carácter lle tiña mudado,
estaba tan baixo de defensas
que calquera aire deseguido o tombaba
no leito sen sentido...

E5 (ISABEL): 3,4.....100 e 2.....100 (cambio 10")

Sae auga da fonte

Xaquín sentase na cama chupando a piruleta

Por iso, mentres os demais nenos
ían a escola a aprender,

O neno (kukas) e a nena (ISABEL) coas mochilas van pola rúa, se paran a chamar a Xaquín, que se asoma á balconada, pero non lles fai caso e entra na habitación. Os nenos mentres xogan na fonte a salpicarse coa auga e saen da escena.

Apagar a fonte (ISABEL)

E6 (ISABEL): 2.....100 (cambio 10")

Xaquín ficaba na casa só,
sen saber que facer...

Xaquín colle o móbil (fili + ISABEL) e senta na cama a xogar.

enredaba no seu telefono móbil
xogando con tódolos xogos
que atopaba..

Xaquín (fili + ISABEL) dun chouto vai polo aire e senta na cadeira e xoga no ordenador

Do móbil pasaba ó ordenador

e así pasaba as horas xogando
sen descanso...
que se agora fago un solitario,

Xaquín (fili + ISABEL) movese como flotando polo aire.

que se logo navego por internet
xa nin durmía, nin da casa saía

Kukas saca o reloxo

as once, as doce, a unha, as dúas e as tres...
así pasaba o tempo, do dereito e do revés

Xaquín (fili + ISABEL) e o reloxo (kukas) quedan do revés, pegados ó teito

absorto, alleado e apampado
á pantalla do ordenador fica pegado.

Xaquín dáse a volta e queda no sitio pegado á pantalla do ordenador.

E7 (KUKAS): 3,4.....100 5,6.....20 (cambio 10")

Xaquín tiña por costume mercar
mais pola aparencia, que pola calidade.
Gustáballe moito gastar,
non lle gustaba nada reciclar...

Xaquín (fili + kukas) atravesan a rúa correndo e chegan a parte de abaixo do súper.

Merca por mercar,
ás rebaixas vai como un poseso,

E8 (ISABEL): 6.....100, 5.....70, 4.....80 (cambio 5")

*Xaquín (fili) sube polas escaleiras mecánicas e chega ó piso de arriba do súper.
Alí mira todo e ISABEL vaille poñendo os zapatos, as pechas coas camisetas...*

Corcholis, que zapatos mais baratos
marca "O Garabato".
Vou levar sete pares,
e tamén seis ducias de camisetas,
catro chupas, dúas chaquetas...

Xaquín queda arriba con toda a roupa enriba e logo baixa polas escaleiras

Calquera roupa lle serve
calquera prenda lle vale
Pequenas ou grandes...
Pero, todas de marca de sona,
aínda que nelas non colla
nin unha mosca moscona.

Cando chega abaixo colle o móbil (ISABEL) e colle un pirulí (ISABEL)

Xaquín colle o telefono
E chama a todo quisque:
- ei marruán, morre de envexa
Atopei nas rebaixas un chándal marca "perico"
Un patinete "pélete"
E unhas sandalias chupi canela "Piteiras"...

Entre lambonadas, larpeiradas,
mercadorías, ordenatas e cagarrías
ía Xaquín matando o día

E9 (KUKAS): 3,4.....100

Xaquín (fili) atravesa a rúa coa cabeza baixa e vai perdendo as prendas de roupa (ISABEL)

**El que antes era festeiro,
agora é aburrido e tristeiro.**

**El que antes era un bo amigo,
agora é un meniño consentido.**

**El que antes era un bo compañeiro,
agora é un trapalleiro.**

**Pobre Xaquín Xacolas
é o raparigo mais raro da escola.**

E10 (KUKAS): 3,4.....100, 2.....20 (cambio 10")

Xaquín sube ó dormitorio e asomase na balconada.

**Xaquín do pouco que asistía as clases
foi perdendo amigos,
ficando so e tristeiro...**

BAIXAR E SUBIR O MASTER DA MESA DE LUCES (KUKAS E ISABEL)

Aparece na rúa 1º o neno (kukas) agochase detrás do arbusto da esquerda e conta.

Logo entra a nena que se agocha detrás da fonte, o neno mira ela escondese, o neno volve a contar, ela asoma, o neno mira e vai amodo ata a fonte rodeala por detrás e descubre á nena.

Xogan a mariola, a ovo, pico, araña (3 saltos), logo dan pincha carneiros (2-3 veces), niso aparece unha pelota, o neno a bota, logo a nena bota a pelota e encesta, queda colgando da cesta.

**Un día debruzado na balconada
olla como os demais rapaces
brincan, xogan a pelota,**

fan bailar as buxainas,
tiran o peletre,
xogan a mariola,
as leiriñas,
a de naipe,
as bolas...

Despois o neno (kukas) dálle un chouto a pelota (ISABEL) e ó tempo sae dando un chouto para atrás. A pelota cae enriba do tellado, a nena (fili) ó seguir coa mirada o movemento da pelota ve a Xaquín (ISABEL) e fala con el.

-E ti, Xaquín, ¿non queres brincar con nos?
pregúntalle Area, unha nena rebuldeira

Xaquín baixa a cabeza
e ponse a chorar...

*Xaquín (ISABEL) agachase entre os barrotes da balconada.
Area (ISABEL) da pincha carneiros, sube enriba da fonte*

Area faille carantoñas,
fai o parvo e o pallaso...

Xaquín (fili) mentres baixa e xoga co teléfono sentado no banco do parque.

Pero Xaquín nin caso,
colle o telefono móbil
e como de cote enreda
enreda e non deixa de enredar...

Area non sabendo que facer
senta a súa veira,

Area vai sentar xunto a Xaquín, mírao, pero como non lle fai caso, colle unha bolsa de larpeiradas e unha gominola (kukas)

saca unha bolsa de larpeiradas
e cando se dispón a papar unha gominola...

Xaquín xirase, mira a gominola e van polo aire a cámara lenta a gominola (Kukas) diante e Xaquín detrás ata que cae na esquerda da rúa e come a gominola e abre a bolsa de larpeiradas (fili+kukas).

Xaquín nunha reviravolta
botase a ela e dunha chantada
arrampla con tódalas lamberetadas...
Non lle deixa nin a proba...nin nada.

Mentres Area (ISABEL) ponse enriba do banco.

- Ei, Xaquín, ¿que te pasa?,
¿reviraches coma un poseso?,
dille Area toda estrañada,

Area vai cara adiante e cada vez que di unha frase, Xaquín mira para ela e segue a comer caramelos.

- Comestes os meus caramelos máxicos:
Se comes un, serás feliz,
se comes dous, saberanche a regalis,
se comes tres, xa é degoxar
se comes catro, sentaranche como un sopapo,
e si comes mais de cinco en pesadelo
converterase a túa golosía.

Xaquín arrouta,
cacho enchente,
esta que estoupa...

*Xaquín vai durmido polo aire ata ficar durmido no banco.
Area xunto a el rodealo por detrás ata marchar.*

- Ai Xaquín, Xaquín
na gaiola dos pesadelos ficaras,
como escarmento
ata que atopes o sentido
ó teu estúpido comportamento...

Silencio na sala,
silencio no salón,
que quedou durmido o comellón,
quedou durmido por tanto atracón...
Silencio na sala,
silencio no salón

E11 (ISABEL): 3,4.....30, 8.....40 (cambio 10")

Aparece a avoa (ISABEL) voando

- Ei, Xaquín, esperta,
espílete, a festa
do teu cumpre anos vai comezar...
Velaí tes os presentes
que trouxeron os compañeiros ausentes.

Entran os agasallos voando: a caixa grande pola esquerda e as outras dúas caixas por detrás da fonte á dereita.

Xaquín erguese dun chouto e vai primeiro a caixa grande e tíraa.

-i Que ben, todiños para min-
berra Xaquín.
-Este paquete é o mais grande
¿que xoguete traerá,
será unha bicicleta,
unha moto, unha camioneta,
unha lancha, un avión?...

Abriu o caixón con grande emoción,
pero, oh desilusión:

- aquí non hai nin un minúsculo cacahuete?...
a... tiralo polo retrete.

Logo colle a caixa de corazóns colle o libro e tírao para atrás.

- E, ¿nesta outra caixa que haberá?...
¡Anda un libro...o de ler non vai comigo.

E por último abre a caixa encarnada, colle o pantalón e tírao.

- ¡ Que ben un pantalón
agora si que vou fardar un montón!...
- ¡ Que mala sorte,
que desilusión non ten marca nin documentación!

Aparece a avoa voando

- Ai Xaquín, Xaquín
non podes ser tan ruín,
cada quen te regala
o que mais precisas,
o que coidan que mais te agrada,

E12 (ISABEL): 5,6.....20, 8.....40 (cambio 10")

Xaquín (kukas) virase e vai polo aire ata o piso de arriba do súper e Xaquín (fili) mergullase na caixa das rebaixas

Xaquín vira enfurruñado
e no seu delirio, obsesionado,
volta ó "híper mega súper mercado",
mexe e remexe, e sen deixar de remexer
mergullase nunha caixa de roupa de rebaixas

A caixa amolada e cabreada
o quere papar...
- ¡ Auxilio, socorro!, ¡ que me quere papar!
non deixa de berrar
Xaquín fuxe alporizado
e dun chouto dun farol queda pendurado

Logo un pantalón persigue ao papón...
Xaquín corre, alarmado, asustado...

- ¡Ah, menos mal,
que deixei eses monstros a unha veira,
di mentres sube e baixa pola escaleira.

pero cando se dispón a coller un bombón
Unha enorme miñoca de regaliz
téntao botar do seu país

E13 (ISABEL): 3,4.....20 8.....40 (cambio 10")

Xaquín escapa da do regaliz
e vai bater contra un guieiro
que di: "Por aquí sáese de aí"....
Pero como non sabe ler
escapa por un burato

E14 (ISABEL): 7.....100 (cambio rápido)

que vai cara a un país soterrado,
de auga asolagado...
Cheo de estalactitas, musgo, pirita...

Colle o telefono, vai pedir auxilio...
pero de tanto nel enredar

a pilla esgotada non quer facer
o móbil furrular...
vaia faena mercar o móbil mais caro,
non pagou a pena!...

Olla unha bandexa
chea de algodón de azucre
e outras larpeiradas
e sen pensalo dúas veces
os degoxa deica fartar...

De tanto comer porcalladas,
de súpeto comeza a inchar como unha pelota
que salta, bota e rebota
dunha parede para outra...
- ¡ agora si que fixéchela boa!,
¿por onde vas saír
deste túnel enmeigado,
si es mais redondo
que un bombo lirondo? .
Por mais que o intenta
non colle polo buraco.

Un fato de peixes aburridos
Xogan con Xaquín coma se fose unha pelota
A robaliza canea, chouta...
A lamprea dun cabezazo
despexa,
unha xarda colle o balón,
e o polbo cabezón cortando a xogada...
dun punteirolozo marca... gollllllllllll

A lamprea se cabrea, di que foi falta,
que o polbo tocou a pelota coa man,
o centolo que se declara arbitro e xuíz
discute e con mala maña
dálle un belisco no nariz
á una manta raia...

Aproveitando o barullo unha xiba
colle a Xaquín pensando que e un coxín
e lévao cara o seu o seu fogar...do fondo do mar

Unha nécora decatándose da situación,
rifa coa xiba, e sen querer dálle unha mordida...
Xaquín sae disparado
deica ficar desinchado,
por tras dun barco asolagado.

Unha voz ó lonxe
navega a carón dunha serea...:
- i ei Xaquín Xacolas,
estou no peirao,
terma da miña man,
repetía unha voz doce e amiga...
Xaquín ergue seus brazos

E15 (KUKAS): 7.....100, 3,4.....30

- Ei Xacolas agárrate a min,
di a voz cada vez mais cristalina.
- Agárrate a min, di Area
que mete as súas mans na auga fría...

E16 (FILI): 3,4.....100, 1.....50, 2,5,6.....20

- ¡ Ei, Xaquín esperta,
que tes un pesadelo...
- Ei Xaquín deixa de berrar,
dille a súa aboa,
- Hoxe é o teu cumpre anos
unha grande festa imos celebrar...

E foron chegando os seus amigos
con agasallos de tódolos tipos e tamaños...

¡Que ben un libro!
Xa di o refrán:
¡Quen ten un libro
ten un bo amigo!

¿E este outro? ¡Anda un pantalón,
agora si que vou fardar un montón!

Pero, entre todos, o que mais lle gustou
foi o caixón que lle trouxo Area:
Un fermoso caixón
que con moita imaxinación
converteuse nun avión,
nun camión,
nunha casa,
nunha canoa...

¿Que queres para merendar?
dille a súa avoa Lola

¿E sabedes o que pediu
o galopín de Xaquín?

Moita verdura,
moito queixo,
moita froita....
e moitas vitaminas, proteínas e minerais

E chegaron os seus pais
cunha boa torta de aniversario
porque comer algunha larpeirada
de cando en vez e sen abusar
a ninguén lle fai mal...
Xaquín soprou e resoplou
e un desexo formulou.

E ó rematar a festa,
tódolos xoguetes
arrombou no caixón...
¡Para cantas cousas lle serviu o caixón!

(SAEN OS TITIRITEIROS)

A tardiña foi animosa,
e Xaquín coa lección aprendida
prometeuse ser menos consumista
...e menos egoísta
Facer mais exercicio e
xantar 5 veces ó día
comida san e non en demasía.
Mercar con xeito e no a eito
e os aparellos utilizar con tino.
Porque si todos poñemos un pouco
mais de cabeciña no que mercamos
e como mercamos,

no que bebemos e no que comemos,
si mais reciclamos e menos desperdiciamos,
o noso corpo agradecerá,
e a terra mais leda ficará...
E colorín colorado
este conto ten rematado.

FIN